

Amigas e amigos.

Apresentámoslles a *Historia xeral de Galiza* de A Nosa Terra, que é algo mais que un libro de historia.

Este libro contén o esforzo acrisolado dunha xeración de historiadores dos que o profesor Francisco Carballo sempre foi un dos seus máis firmes e xovens valores, porque novas formas de facer historia aglutinou, deixando vellas formas de facer historia tan vencelladas e tan deudoras do nacionalismo español.

Neste proxecto que esta realidade que lles presentamos habita unha nova forma de facer historia. En todos os proxectos de Edicións A Nosa Terra, subxacen os fitos, as trazas que marcan un longo camiño por percorrer e no que nos marcamos dar resposta a necesidade de dotar á nosa cultura dunha historia non censurada polo nacionalismo español dunha historia que bebe nas augas limpas das propias fontes documentais, unha historia filla do saber científico. Si desde a creación de Edicións A Nosa Terra foi constituinte da mesma o vertebrar un proxecto de recuperación, de restauración e de posta en valor do noso pasado histórico, foino porque é única forma de por en valor o noso presente.

Só así pode ser entendido o noso presente, o dun povo cunha historia tan fértil que inzou de patrimonio cultural a súa xeografía. Que un povo que para borrarlle a súa historia foi sometido a un etnocidio multiseccular e non o conseguiron.

Así, creamos a *Historia Infantil*, un verdadeiro éxito editorial, así creamos unha historia en monografías en vinte volumes monográficos e que paseniñamente están a ver a luz, que inciden en datas feitos ou temas referenciais da nosa historia, emblemáticos. Así, están a piques de aparecer historias da música, do cinema, do pensamento, da ciencia, etc. Si somos editores dunha historia da literatura galega é porque queríamos dar á luz á aínda daquela inexistente historia social da literatura galega.

Por iso este libro que hoxe presentamos acrisola moitos outros traballos do pasado e do presente e, se me permiten, a pérola que o mar milenario da realidade, coas súas áreas foi elaborando no saber dos nosos historiadores no seu insobornable saber científico, no seu insobornable amor á verdade histórica da nosa nación, deste povo que foi construíndo na ledicia e na dor a súa historia, e que nunca lle deixaron contar.

Dicíame un neno kurdo en Istambul á nosa pregunta de eres kurdo? Si, son kurdo. E de que parte de Kurdistan? Non existe o Kurdistan, só existe Turquía. E eu pensaba, existimos os galegos, que esta terra existe, pero non nos deixaron coñecer a súa historia: non existe Galiza como nación, sería a mensaxe que espallou o nacionalismo español entre nós. E para nos dotar de memoria histórica traballamos en ANT.

E para nos presentar este libro temos con nós a Francisco Carballo, membro fundador de A Nosa Terra na etapa actual e alma central e animador das visións da nosa realidade histórica que xacen nos libros que lles ofrecemos, coautor deste libro e autor de moitos outros entre os que destaco a *Historia da Igrexa Galega*. É sempre para min un motivo de ledicia presentarlles ao amigo, ao mestre, ao compañeiro de activismo por divulgar e dar a coñecer a cultura nacional e dotar a esta terra de prensa libre. Francisco Carballo, coa súa humanidade e a súa honestidade investigadora, dignifica sempre todo aquilo que toca; afortunados os que con el traballamos compartindo reflexións e esperanzas, aprendendo del a grande lección da humildade compartindo un mesmo camiño, esta terra, e o destino dos homes e mulleres desta

terra como destino propio, compartindo o destino dos desposuídos, de todos aqueles a quenes lles é negado o pan e o futuro.